



De acordo co disposto no artigo 13 do Real decreto 951/2005, do 29 de xullo, polo que se establece o marco xeral para a mellora da calidade na Administración Xeral do Estado, aprobáronse por resolucións do 17 e 23 de decembro de 2020 da Subsecretaría do Ministerio de Política Territorial e Función Pública, as **cartas de servizos electrónicos da Delegación do Goberno en Galicia e Subdelegacións do Goberno na Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra**, que forón publicadas no BOE do 7 e 8 de xaneiro de 2021.

Sen dúbida, as cartas de servizos electrónicos contribúen a facilitarlles ás persoas físicas ou xurídicas usuarias dos servizos un completo coñecemento dos servizos electrónicos prestados pola Delegación e Subdelegacións do Goberno, da forma de facelos efectivos e dos compromisos que se adquiren para garantir uns estándares mínimos de calidade. A administración electrónica é xa unha realidade, polo que para garantir unha administración moderna, eficiente, sostible, produtiva e funcional, resulta necesario promover o uso das tecnoloxías e facilitar a prestación de servizos electrónicos que permitan simplificar os procedementos e a evitarlles cargas ás empresas, entidades, administracións e persoas usuarias.

Deste xeito, co fin de promover a súa máxima difusión e para o coñecemento tanto pola cidadanía como por todas as entidades públicas, privadas e axentes afectados, as cartas de servizos electrónicos véñense de publicar no espazo [web da Delegación do Goberno en Galicia](#) onde está dispoñible para as persoas usuarias.

O que poño no seu coñecemento e aproveito para remitirle **un cartel informativo con código QR** sobre as citadas cartas de servizos electrónicos, agradecéndolle a súa colaboración na difusión polos medios que, no seu caso, considere oportuno.

O delegado do Goberno en Galicia

Javier Losada de Azpiazu



CSV : GEN-6f31-84e1-53e3-2fb0-659c-364b-c4d1-0eaa

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://sede.administracion.gob.es/pagSedeFront/servicios/consultaCSV.htm>

FIRMANTE(1) : JAVIER LOSADA DE AZPIAZU | FECHA : 08/02/2021 11:23 | NOTAS : F